

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 EDUCADOR/A SOCIAL PARA O CENTRO OCUPACIONAL VILALBA TERRA-CHÁ A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024

Por Resolución da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais de data 4 de novembro de 2024 é concedida á Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra Chá unha axuda para a contratación temporal dun educador/a social a tempo parcial (75 por cento da xornada) por un período de 12 meses, baixo a modalidade de cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (códigos: 405 ou 505) para o proxecto "TODOS CONTAMOS". Esta subvención é concedida ao abeiro da Orde do 30 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Visto que a data límite de inicio do servizo e realización de todas as contratacións será o día 10 de decembro de 2024.

De acordo coas facultades conferidas segundo os Estatutos da Fundación, RESOLVO:

Aprobar as BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL De 1 EDUCADOR/A SOCIAL A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024. Nº Expte TR352A -2024/164-00

1.- OBXECTO.

É obxecto das presentes bases a cobertura, mediante contrato laboral temporal por período de doce meses cunha xornada a tempo parcial do 75% dun educador/a social.

O sistema selectivo é o de concurso de méritos e entrevista.

2.- REQUISITOS E EXCLUSIÓNS:

REQUISITOS DAS PERSOAS A SELECCIONAR

Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego e Igualdade (actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que a seguir se relacionan:

- Orde do 3 de agosto de 2021 (DOG nº 159, do 19 de agosto: TR352A 2021).
- Orde do 12 de xullo de 2022 (DOG nº 139, do 21 de xullo: TR352A 2022).
- Orde do 31 de xullo de 2023 (DOG nº 152, do 10 de agosto: TR352A 2023).

Non poderán ser contratadas con cargo a esta orde as persoas desempregadas que traballaran para a Fundación Para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra Chá, entidade beneficiaria, durante os tres meses anteriores á data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Tampouco poderán ser contratadas con cargo a esta Orde as persoas cónxuxes, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade,

ata o segundo grao inclusive, das persoas que exercen funcións directivas na entidade.

Todos estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo (cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego). É requisito para presentarse á selección estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas, así como dispoñibles para o emprego.

Poderán ser contratadas as persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo-descontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo-descontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

É requisito posuír o título de graduado en Educación Social.

3.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

A. Selección a través de oferta de emprego específica presentada na oficina correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia.

B. Selección directa pola entidade beneficiaria, logo de publicación da listaxe de entidades beneficiarias por parte do órgano xestor das axudas no Portal de Emprego de Galicia (<https://emprego.xunta.gal/portal/gl>).

Todos os interesados/as deberán presentar a súa solicitude- segundo modelo que se achega como Anexo antes das 23:59 h do día 22 de novembro de 2024 mediante correo electrónico á dirección centro.ocupacional@vilalba.es, achegando a seguinte documentación:

- DNI,
- Acreditación de estar desempregado/a
- Título de graduado/a en Educación Social

O día de celebración da entrevista deberán achegar esta documentación orixinal ou copia compulsada, así como aquela acreditativa dos méritos a valorar que se teñan relacionado na solicitude. Non se terán en conta os méritos que non se relacionen na solicitude nin os que non se acrediten documentalente.

4.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

A data da selección será o 28 de novembro no Concello de Vilalba. A hora na que se celebrará a selección anunciarase telefónicamente pola dirección do centro aos candidatos/as que entregaran o anexo.

As presentes bases faránse públicas na páxina web do Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá www.centroocupacionaldevilalba.org

.A selección dos/as aspirantes realizarase en dúas fases, cunha puntuación máxima de 20 puntos:

- a) valoración de méritos: puntuación máxima de 12 puntos, o que supón o 60 por cento da puntuación total
- b) entrevista profesional: puntuación máxima de 8 puntos, o que supón o 40 por cento da puntuación total

4.1. FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS. Máximo 12 Puntos.

4.1.1 Experiencia laboral como educador/a social (máximo 6 puntos):

- a) Por servizos prestados en entidades sen ánimo de lucro que traballen con persoas con discapacidade intelectual, ou nunha administración pública ou entidade do sector público,

como educador/a social: 0,10 puntos por mes completo de servizos.

b) Por servizos prestados en empresas privadas como educador/a social: 0,05 puntos por mes completo de servizos.

Non se puntuarán os contratos en prácticas nin os de formación.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante INFORME DE VIDA LABORAL expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou cos correspondentes contratos de traballo e/ou certificacións expedidas pola entidade pública contratante.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes logo da suma de todo o período de traballo valorado en cada un dos apartados e os meses consideraranse de 30 días naturais.

A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

4.1.2. Formación complementaria relacionada co posto, e coa discapacidade intelectual. Valorarase ata un máximo de 6 puntos.

- Curso de primeiros auxilios: 0,10 puntos.
- Certificado e/ou carnet de manipulador de alimentos: 0,10 puntos.
- Cursos de entre 10 e 50 horas : 0,10 puntos
- Cursos de entre 51 e 100 horas : 0,30 puntos
- Cursos ou títulos de entre 101 a 200 horas: 0,50 puntos
- Cursos ou títulos de máis de 200 horas: 0,75 puntos.

Os cursos nos que non se acredite o número de horas non se valorarán.

Tampouco os inferiores a 10 horas de duración e os diplomas relativos a xornadas, simposios, seminarios e similares. Os cursos deberán ser realizados nos últimos 15 anos. Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas.

A xustificación deste apartado realizarase mediante orixinal do correspondente título ou diploma no que debe constar a duración do curso/estudos en horas e como mínimo o título do mesmo e a correspondente homologación de ser o caso, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

4.2. FASE DE ENTREVISTA PROFESIONAL. Máximo 8 Puntos.

Será unha entrevista na que se valorará á adaptación ó posto, especialmente a adaptación ó traballo con persoas con discapacidade intelectual.

4.3. EMPATE DOS CANDIDATOS

En caso de empate seguiranse os seguintes criterios:

- 1º Quen teña obtido maior puntuación na fase de concurso de méritos
 - 2º Quen teña obtido maior puntuación en experiencia profesional
- De persistir o empate decidirase por sorteo

5.- .COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1. A comisión de selección, actuando como órgano colexiado, estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Dna. Mónica Bello Novo, tesoureira da Fundación
Secretario: D. Mauro Chico Carballás, funcionario do Concello de Vilalba
Vogal: Dna Eva Paz Bermúdez, traballadora social do Concello de Vilalba
Vogal: Dna Elva Pereira Castelo, funcionaria do Concello de Vilalba
Vogal: Dna M^a José Lama Villares, funcionaria do Concello de Vilalba

5.2 A comisión de selección poderá contar para todas ou algunhas das probas coa colaboración de asesores técnicos con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica. Nesta convocatoria contará con Dna Cristina Prado Rouco e Dna Mirian Seoane Dorado, traballadoras da Fundación.

5.3. Os membros da comisión de selección deberán absterse de formar parte da mesma e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Regimen Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, calquera aspirante poderá recusalos, cando concorran algunha de devanditas circunstancias.

5.4. A comisión de selección só poderá actuar válidamente coa asistencia en todo caso do Presidente, do Secretario e dun vogal. Corresponderalle dilucidar as cuestións suscitadas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

A actuación da comisión de selección axustarase estrictamente ás bases da convocatoria. No entanto, resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles estas para iso.

5.5. As resolucións da comisión de selección vinculan á Fundación Para a Protección de Persoal con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra Chá.

6. RELACIÓN DE PUNTUACIÓN NO CONCURSO

Terminada a cualificación dos/as aspirantes publicarase na páxina web a relación de aspirantes por orde de puntuacións, non podendo superar este o número de prazas convocadas e elevará a dita resolución á Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá para que proceda á contratación do/a aspirante seleccionado.

O resto do/s aspirantes admitidos/as formarán pasarán a formar a bolsa de emprego, podendo ser chamadas, segundo a orde de puntuación para o caso de que a persoa seleccionada non sexa finalmente contratada, renuncie ao contrato ou cause baixa

7. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN. CONTRATO LABORAL.

7.1 Concluído o proceso selectivo a presidenta da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá, de acordo coa proposta da comisión de selección, procederá a formalización do contrato laboral temporal por un prazo de doce meses, e como data límite o 10 de decembro de 2024.

7.2 Quen sen causa xustificada non compareza para a formalización do contrato no prazo sinalado perderá todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

8. RETRIBUCIÓNS:

As retribucións íntegras da persoa contratada serán conforme ó disposto no XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención ás Persoas con Discapacidade.

Dar traslado do presente acordo ao Padroado da Fundación para a Protección de persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá.

Mándao e asíno a Sra. Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá

En Vilalba 15 de Novembro de 2024

ANEXO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN De 1 TRABALLADOR/A EDUCADOR/A SOCIAL A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS POLAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. PROGRAMA COOPERACIÓN CON ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO Expte TR352A 2024/164-00

DATOS DO/DA CANDIDATO/A:

NOME:

APELIDOS:

DNI:

DIRECCIÓN COMPLETA:

NÚMERO DE TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

RELACIÓN DE MÉRITOS

Apartado 4.3.1: RELACIÓN DE MÉRITOS PROFESIONAIS (deben achegar Informe de Vida Laboral e contratos e/ou certificacións de servizos prestados en entidade pública):

- Apartado 4.3.1 a) Por servizos prestados en entidades sen ánimo de lucro que traballen con persoas con discapacidade intelectual, ou nunha administración pública ou entidade do sector público, como educador/a social: 0,10 puntos por mes completo de servizos.

ENTIDADE CONTRATANTE	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	DURACIÓN CONTRATADO (EN DÍAS)	PUNTUACIÓN (MESES COMPLETOS)
TOTAL				

- Apartado 4.3.1 b) Por servizos prestados en empresas privadas como educador/a social: 0,05 puntos por mes completo de servizos.

EMPRESA CONTRATANTE	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	DURACIÓN CONTRATADO (EN DÍAS)	PUNTUACIÓN (MESES COMPLETOS)
TOTAL				

Apartado 4.3.2. RELACIÓN DE MÉRITOS EN FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

Marcar con x

Curso en primeiros auxilios	Si	Non	Puntuación (0,10)
Certificado e/ou carnet de manipulador de alimentos	Si	Non	Puntuación (0,10)
TOTAL PUNTOS (máximo 0,20)			

Cursos complementarios de formación:

De 10 a 50 horas		
Denominación do curso	Entidade que impartiu o curso	Puntuación 0,10
Total Puntos		

De 51 a 100 horas		
Denominación do curso	Entidade que impartiu o curso	Puntuación 0,30
Total Puntos		

De 101 a 200 horas		
Denominación do curso	Entidade que impartiu o curso	Puntuación 0,50
Total Puntos		

De máis de 200 horas		
Denominación do curso	Entidade que impartiu o curso	Puntuación 0,75
Total Puntos		

RESUMO PUNTUACIÓN MÉRITOS:

Puntuación experiencia laboral	
Puntuación formación complementaria	
TOTAL	

DATA E SINATURA DO/A ASPIRANTE

